

Marta Riobó Ibañez, Secretaria do Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello de Vigo

CERTIFICO:

Que o Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente de data dezaoto de febreiro de dous mil nove, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

"Primeiro:- Declarar inicialmente admitidas trala apertura dos sobres nº un e a aportación de documentación requirida, no seu caso, as catro empresas presentadas, e declarar eliminadas na fase de presentación e apertura dos sobres nº dous, a dúas empresas; UTE Aldasa-Agrupconsa e Diconsa, polas causas que se reflicten a continuación:

UTE Aldasa -Agrupconsa: non anunciou debidamente por fax, antes do término do prazo, a presentación do sobre no servizo de correos.

Diconsa: A oferta non se corresponde coa obra que se está licitando.


Segundo: Visto o informe emitido pola Directora do servizos técnicos do Consorcio, e, unha vez analizado o conxunto das ofertas presentadas constátase que a oferta que obtivo unha maior puntuación foi DICSA cun total de 96,39 puntos, tal e como se reflicte no referido informe que se xunta.

Terceiro: Adxudicar provisionalmente á empresa "DICSA" a contratación das obras do rehabilitación de Abeleira Menendez, 13-15, por un importe de **QUINIENTOS VINTE MIL EUROS, IVE INCLUÍDO (520.000,00 euros)**, o que supón unha baixa 8,63%, e un prazo de execución de sete meses e medio. Todo isto de acordo co proxecto e o prego de prescipcións técnicas e de Cláusulas Administrativas aprobados polo Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, por considerar que a proposición de dita empresa é a oferta mais vantaxosa para o Consorcio Casco Vello de Vigo. A adxudicación provisional considerarase elevada a definitiva no suposto de que no prazo de quince días hábiles contados dende a publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, non se presentara ningunha reclamación e polo adxudicatario se aporten os documentos esixidos no Prego de condicións previos a adxudicación definitiva. O cumprimento destes requisitos deberá ser garantido coa incorporación ao expediente de certificación emitida pola Secretaria do Consorcio neste senso, e a conformidade do Xerente."

E para que así conste e surta os seus efectos, expido a presente coa advertencia dos artigos 27.5 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, e 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións locais, de 28 de novembro de 1986, a reserva dos términos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Vigo, a dezanove de febreiro de dous mil nove.

MRI/mi

Vº e Pr.
O Presidente Consorcio do
Casco Vello de Vigo



Marta Riobó Ibañez, Secretaria do Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello de Vigo

CERTIFICADO:

Que o Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente de data dezaioito de febreiro de dous mil nove, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

"Primeiro:- Declarar inicialmente admitidas trala apertura dos sobres nº un e a aportación de documentación requirida, no seu caso, as catro empresas presentadas, e declarar eliminadas na fase de presentación e apertura dos sobres nº dous, a dúas empresas; UTE Aldasa-Agrupconsa e Diconsa, polas causas que se reflicten a continuación:

UTE Aldasa -Agrupconsa: non anunciou debidamente por fax, antes do término do prazo, a presentación do sobre no servizo de correos.

Diconsa: A oferta non se corresponde coa obra que se está licitando.

Segundo: Visto o informe emitido pola Directora do servizos técnicos do Consorcio, e, unha vez analizado o conxunto das ofertas presentadas constátase que a oferta que obtivo unha maior puntuación foi DICSA cun total de 96,39 puntos, tal e como se reflicte no referido informe que se xunta.

Terceiro: Adxudicar provisionalmente á empresa "**DICSA**" a contratación das obras de rehabilitación de Abeleira Menendez, 13-15, por un importe de **QUINIENTOS VINTE MIL EUROS, IVE INCLUÍDO (520.000,00 euros)**, o que supón unha baixa 8,63%, e un prazo de execución de sete meses e medio. Todo isto de acordo co proxecto e o prego de prescipcións técnicas e de Cláusulas Administrativas aprobados polo Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, por considerar que a proposición de dita empresa é a oferta mais vantaxosa para o Consorcio Casco Vello de Vigo. A adxudicación provisional considerárase elevada a definitiva no suposto de que no prazo de quince días hábiles contados dende a publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, non se presentara ningunha reclamación e polo adxudicatario se aporten os documentos esixidos no Prego de condicións previos a adxudicación definitiva. O cumprimento destes requisitos deberá ser garantido coa incorporación ao expediente de certificación emitida pola Secretaria do Consorcio neste senso, e a conformidade do Xerente."

E para que así conste e surta os seus efectos, expido a presente coa advertencia dos artigos 27.5 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, e 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións locais, de 28 de novembro de 1986, a reserva dos términos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Vigo, a dezanove de febreiro de dous mil nove.

MRI/mi

Vº e Pr.
O Presidente Consorcio do
Casco Vello de Vigo

